

Orde do 24 de outubro de 2008 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística.

De conformidade co establecido no Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo previsto na disposición transitoria décimo cuarta do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de oito (8) prazas do corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística, polos sistemas de promoción interna e acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición.

O proceso selectivo constará, polo tanto, dunha fase de oposición e doutra fase de concurso.

O subgrupo A2, de conformidade coa disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, é equivalente ao anterior grupo B.

I.1.1. O número total de vacantes reservadas ao sistema de promoción interna ascende ao 38% do total das vacantes, o que supón un total de tres (3) prazas.

O número total de vacantes reservadas ao sistema de acceso libre ascende ao total de cinco (5).

Se as prazas reservadas ao sistema de promoción interna non se cubrisen, acumularanse ao sistema de acceso libre.

I.1.2. Os/as aspirantes só poderán participar nun dos dous sistemas. Se da instancia que se presente non se deduce a súa opción, será excluído/a nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídos. Polo tanto, tras a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, non se permitirá ningún cambio de quenda posterior ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

I.1.3. De conformidade coa disposición adicional sétima do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e co Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, do total de prazas reservarse unha (1) para ser cuberta por persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. Esta cota de reserva aplícase ao sistema de acceso libre.

No suposto de que a dita praza non sexa cuberta por unha persoa con discapacidade, esta acumularase á cota do 7% da oferta seguinte, cun límite máximo do 12%.

Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outros/as aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

I.1.4. A este proceso selectivo seralle aplicable o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, a Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos dos candidatos:

I.2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario/a os seguintes requisitos:

I.2.1.1. Para promoción interna.

I.2.1.1.1. Idade: non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.1.1.2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter os títulos de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao e o permiso de conducir da clase B.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

I.2.1.1.3. Os/as aspirantes deberán ser funcionarios/as da Administración da Xunta de Galicia e pertencer a algún dos corpos ou escalas integrados no grupo C da Xunta de Galicia (corpo administrativo ou corpo de axudantes facultativos da Administración da Xunta de Galicia), de acordo co disposto no Decreto 91/1991, do 20 de marzo, de integración dos/as funcionarios/as na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e ter prestado servizos efectivos como funcionario/a de carreira nun dos ditos corpos, durante polo menos dous anos, computados desde o ingreso ou desde a integración naquel.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigo 54 e 57 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia).

I.2.1.1.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.1.1.5. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

I.2.1.1.6. Ademais dos requisitos anteriores, os/as aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

I.2.1.2. Para acceso libre.

I.2.1.2.1. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/as españois/españolas e dos/as nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos/as nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os/as do seu cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.1.2.2. Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.1.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter os títulos de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao e o permiso de conducir da clase B.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

I.2.1.2.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física

ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.1.2.5. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

I.2.1.2.6. Ademais dos requisitos anteriores, os/as aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

I.3. Solicitudes:

Os/As que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha solicitude e aboar os dereitos de exame de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

En relación aos dereitos de exame, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia exige como requisito necesario para participar no proceso selectivo o aboamento en tal concepto do importe da taxa que estea vixente no momento de presentación da solicitude

1) Formalización da solicitude:

O modelo de solicitude estará á disposición de todos/as os/as que desexen participar no proceso na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), premendo a icona «empregarse procesos de ingreso», en dúas modalidades, segundo se dispoña ou non de certificado dixital da FNMT (Fábrica Nacional da Moneda e Timbre) ou DNI electrónico.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, os/as solicitantes deberán cubrir todos os datos que aparecen en pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

Os/As aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, a que se refire a base I.2.6, deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo isto conforme o contido na Lei 13/1982, do 7 de abril, e no Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas

de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

2) Formalización do pagamento das taxas:

Unha vez confirmada a alta da solicitude, o/a solicitante, segundo estea ou non nos supostos previstos, deberá seguir os seguintes pasos:

* Exento de pagamento: de acordo co sinalado no artigo 23.5º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentos do pagamento as persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%, e as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial (no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%).

Unha vez elixida esta opción o/a solicitante poderá imprimir desde ese momento a solicitude cuberta e deberá presentar antes do remate do prazo fixado orixinal ou copia debidamente cotexada do documento que xustifique a exención do pagamento nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste suposto, considerarase como data válida de presentación a da confirmación da solicitude realizada de acordo co disposto anteriormente, condicionada en todo caso á presentación dentro do mesmo prazo da documentación sinalada para acreditar a exención do pagamento.

* Non exento/a de pagamento: o/a solicitante poderá realizar o pagamento dun dos seguintes xeitos:

Pagamento presencial.

-Imprimindo o documento de pagamento, modelo AI, seleccionando esta opción na pantalla, e realizando o ingreso do importe da taxa que figura nela en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Pagamento telemático.

Sen certificado dixital:

-Introducindo os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento telemático, obtendo nese intre o xustificante 730 correspondente.

Con certificado dixital:

-Poderá realizar o pagamento con cargo á conta do titular do certificado desde a opción de pagamento telemático, obtendo nese intre o xustificante 730 correspondente.

En ambos os casos, considerarase como data válida de presentación da solicitude a da realización da operación de ingreso da taxa, sen que sexa neces-

rio presentar ningún dos documentos xerados nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, só aos/ás solicitantes excluídos que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución definitiva da Dirección Xeral da Función Pública a que fai referencia o punto terceiro da base I.4.2.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento polos/as solicitantes seguindo as intrucións iniciais (páxina web da Xunta de Galicia www.xunta.es, icona «empregarse procesos de ingreso») seleccionando a opción de consulta na pantalla.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, os/as solicitantes poderán poñerse en contacto telefónico co Centro Informático CIXTEC no número 981 54 13 00, das 8.30 ás 20.00 horas de luns a venres e os sábados das 10.00 ás 14.00.

I.4. Admisión de aspirantes:

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o titular da Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como oportunamente nos lugares determinados pola normativa vixente e na cal se declarará aprobada a listaxe provisoria de admitidos/as e excluídos/as, así como as causas da súa exclusión e a indicación do lugar en que se atopan expostas as listas de admitidos e excluídos. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número de documento nacional de identidade.

I.4.2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Unha vez transcorrido o dito prazo, a Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

II. Fase de oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo I desta convocatoria. Para estes efectos, teranse en conta as normas de dereito positivo que estean vixentes no momento de publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes da quenda de promoción interna que superen o primeiro exercicio nesta convocatoria poderán optar por conservar a puntuación obtida nel e acceder directamente ao segundo exercicio do seguinte proceso que se convoque pola mesma quenda para o ingreso nesta escala.

II.1. Exercicios:

II.1.1. Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta, correspondentes ao contido do programa.

Os/as aspirantes procedentes da quenda de promoción interna estarán exentos/as para a realización deste exercicio dos temas correspondentes á parte xeral.

O tempo máximo de duración será de noventa (90) minutos.

De conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Cada opositor/a poderá obter copia do exercicio realizado cando este remate. No prazo das vinte e catro horas seguintes á realización, farase público no lugar de realización do exercicio o modelo do test, indicando as respostas correctas. Esta información estará dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, é necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos e correspóndelle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas, descontarase unha correcta.

Con posterioridade á realización do exercicio, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia

(www.xunta.es) o cuestionario en que consistía o exercicio.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, e concederáse un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta días desde a constitución do tribunal que xulgue as probas. A data de realización deste exercicio non será anterior ao 1 de marzo de 2009.

O tribunal excluírá aqueles/as candidatos/as con exercicios en que figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor/a.

II.1.2. Segundo exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá na resolución dun suposto práctico de desenvolvemento relacionado coas materias correspondentes á parte especial do programa.

O tempo máximo de duración será de dúas (2) horas.

Para a realización deste exercicio os/as opositores/as poderán servirse de textos legais sen comentarios, excluíndose os libros de consulta. Non se considerarán comentarios as notas de vixencia, as simples referencias cruzadas a outras normas ou a sentenzas, sempre que non conteñan ningunha outra análise.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, correspondendo ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, e concederáse un prazo de dez días hábiles para efectos de alegacións.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

Unha vez publicadas as puntuacións deste exercicio, abrirase un prazo de dez días hábiles para que os/as aspirantes que superen este exercicio presenten o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola

que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo), para os efectos da exención prevista no terceiro exercicio. Esta documentación presentarase nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.1.3. Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, é necesario para superalo obter o resultado de apto e correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar o resultado de apto.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, concederase un prazo de dez días hábiles para efectos de alegacións.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

II.2. Desenvolvemento dos exercicios:

II.2.1. A orde de actuación dos/as opositores/as iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra «V», de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de xaneiro de 2008, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do

17 de xaneiro de 2008 (DOG nº 16, do 23 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente ao ano 2008.

II.2.2. En calquera momento os/as aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

II.2.3. Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído/a da oposición quen non compareza.

Malia o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas despois do anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso a respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.2.4 O anuncio de realización dos exercicios publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), con corenta e oito horas, polo menos, de anticipación á sinalada para a súa iniciación.

II.2.5. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún/algunha aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, comunicarlle isto á Dirección Xeral da Función Pública, para os efectos de que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que o/a opositor/a non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública ditará proposta da súa exclusión do proceso selectivo, e o órgano competente ditará a resolución correspondente. Contra a resolución do dito órgano poderán interponerse os recursos administrativos ou reclamacións que procedan.

II.2.6. Se o tribunal, de oficio, ou baseándose nas reclamacións que os/as interesados/as poidan presentar nos tres días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunhas das pre-

guntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.3. Fase de concurso:

Nesta fase valoraranse os seguintes méritos:

II.3.1. Para o acceso mediante promoción interna:

II.3.1.1. Experiencia profesional:

a) Servizos prestados na Administración da Xunta de Galicia: valoraranse os servizos prestados con carácter definitivo na Administración da Xunta de Galicia no grupo C desta, a razón de 0,03 puntos por mes de servizos efectivos ou fracción.

b) Servizos prestados noutras administracións: valoraranse os servizos prestados con carácter definitivo noutras administracións, no grupo C desta, a razón de 0,015 puntos por mes de servizos efectivos ou fracción.

A puntuación máxima por esta epígrafe II.3.1.1 será de 8 puntos.

II.3.1.2. Grao persoal consolidado, ata o tope de 1 punto:

a) Nivel 14: 0,5 puntos.

b) Por cada dous niveis superiores: 0,10 puntos.

II.3.1.3. Traballo desenvolvido:

Polo desempeño, como funcionario do grupo C, de postos de traballo incluídos no intervalo de niveis correspondentes ao grupo B: 0,25 puntos por ano completo, ata o tope de 3 puntos.

Só se terán en conta os intervalos de niveis de aplicación aos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

II.3.1.4. Formación:

Polos cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Inem, Dirección Xeral de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP, que a seguir se sinalan:

-Curso de perfeccionamento de xefes de sección.

-Curso de perfeccionamento de xefes de negociado.

-Cursos de procedemento administrativo, de atención ao cidadán e de seguranza e saúde laboral, contratación administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador e responsabilidade patrimonial.

-Cursos de linguaxe administrativa.

-Cursos de informática: internet, correo electrónico, aplicacións ofimáticas: procesador de textos, folla de cálculo, base de datos, presentacións e páxinas web.

Así mesmo, puntuaranse os cursos directamente relacionados coas funcións propias da escala a que se opta e dos idiomas oficiais da Unión Europea, organizados e impartidos directamente polos organismos anteriormente indicados.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

-Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 40 horas lectivas: 0,30 puntos por curso.

-Por cada curso superior a 40 horas lectivas e igual ou inferior a 75: 0,50 puntos por curso.

-Por cada curso superior a 75 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se puntuarán os cursos que non acrediten as horas de duración, os inferiores a doce horas lectivas, nin os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios e similares.

A puntuación máxima desta epígrafe será de 3,5 puntos.

II.3.1.5. Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, ata o máximo de 0,50 puntos:

-Licenza por maternidade: 0,2 puntos.

-Permiso de paternidade: 0,2 puntos.

-Redución de xornada: 0,2 puntos.

Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.

-Excedencia para o coidado de familiares: 0,02 puntos/mes.

II.3.1.6 A puntuación obtida na fase de concurso no poderá superar os 16 puntos, sumando as epígrafes II.3.1.1. a II.3.1.5.

II.3.2. Para o acceso libre:

II.3.2.1 Servizos prestados:

a) Por cada mes de servizos prestados ou fracción na Administración da Xunta de Galicia en postos da inspección turística: 0,13 puntos.

b) Por cada mes de servizos prestados ou fracción noutras administracións públicas en postos da inspección turística: 0,07 puntos.

A puntuación máxima por esta epígrafe será de 14 puntos.

II.3.2.2. Formación:

Polos cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública,

INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Inem, Dirección Xeral de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP, que a seguir se sinalan:

- Curso de perfeccionamento de xefes de sección.
- Curso de perfeccionamento de xefes de negociado.

-Cursos de procedemento administrativo, de atención ao cidadán e de seguranza e saúde laboral, contratación administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador e responsabilidade patrimonial.

- Cursos de linguaxe administrativa.

-Cursos de informática: internet, correo electrónico, aplicacións ofimáticas: procesador de textos, folla de cálculo, base de datos, presentacións e páxinas web.

Así mesmo, puntuaranse os cursos directamente relacionados coas funcións propias da escala a que se opta e dos idiomas oficiais da Unión Europea, organizados e impartidos directamente polos organismos anteriormente indicados.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

-Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 40 horas lectivas: 0,30 puntos por curso.

-Por cada curso superior a 40 horas lectivas e igual ou inferior a 75: 0,50 puntos por curso.

-Por cada curso superior a 75 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se puntuarán os cursos que non acrediten as horas de duración, os inferiores a doce horas lectivas, nin os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios e similares.

A puntuación máxima desta epígrafe será de 2 puntos.

II.3.2.3. A puntuación obtida na fase de concurso non poderá superar os 16 puntos sumando as epígrafes II.3.2.1. a II.3.2.2.

II.3.3. Os méritos enumerados nas bases II.3.1. e II.3.2 deberán referirse á data da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a Dirección Xeral da Función Pública e que será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

II.3.4. Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal das notas do último exercicio de cada quenda, os/as aspirantes deberán proceder de conformidade co sinalado no procedemento a que se refire o punto anterior para presentar a documentación relativa á fase de concurso, que irá dirixida á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela).

II.3.5. O tribunal procederá á baremación da fase de concurso e publicaráa no *Diario Oficial de Galicia*, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, os/as aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da baremación definitiva da fase de concurso. Contra esta resolución poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.4. A orde de prelación dos/as aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes seguintes aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios/as de carreira. Para os efectos previstos neste punto, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos as que se refire a base IV.3. (os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados/as funcionarios/as e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial).

III. Tribunais.

III.1. Os tribunais cualificadores do proceso serán designados por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 7 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta o previsto polo artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

III.2. Ademais dos tribunais que se designen na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderán nomearse máis tribunais para vulgar o proceso, por proposta do tribunal número 1, cando polo número de aspirantes isto fose necesario.

A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomeen os novos tribunais, de ser o caso.

III.3. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándolle á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e, igualmente, se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores/as.

O/a presidente/a deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso/a nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén formalizada polos/as asesores/as especialistas previstos na base III.12 e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles/as algunha das circunstancias previstas nesta base, conforme o artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.4. A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base III.3.

III.5. Logo da convocatoria do/a presidente/a do tribunal número 1, constituiranse os tribunais en sesión conxunta. Tal constitución entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza, en todo caso, do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A realización da sesión de constitución terá lugar no prazo máximo de quince días a partir da publicación dos tribunais.

Na dita sesión, os tribunais, baixo a dirección e coordinación do tribunal número 1, adoptarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

III.6. A partir da sesión de constitución, cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

III.7. O procedemento de actuación dos tribunais axustarase, en todo momento, ao disposto na Lei de

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.8. No caso de que se nomeen varios tribunais, a cada tribunal corresponderalle xulgar un número determinado de aspirantes que estarán comprendidos entre as letras do abecedario correspondentes aos apelidos dos/as opositores/as que se lles asignasen.

III.9. Corresponderalle ao tribunal nomeado co número un:

-Cursar, por orde do/a seu/súa presidente/a, citación ao resto dos tribunais para constituírse nun acto conxunto.

-Darlle publicidade, a través dos anuncios correspondentes, ao lugar, a data e a hora de realización dos exercicios.

-Recibir os expedientes dos demais tribunais relativos ao transcurso das probas e respectivas propostas, e elevar a relación de aprobados/as ao titular da Dirección Xeral da Función Pública.

III.10. Co obxecto de acadar a necesaria coordinación entre os tribunais cualificadores, todos actuarán conxuntamente baixo a dirección do número 1, que resolverá cantas consultas, interpretacións e criterios de valoración e de unificación poidan presentar e solicitar os restantes tribunais sobre as normas da convocatoria.

Os tribunais cualificadores actuarán coordinadamente procurando a maior uniformidade nos criterios valorativos dos exercicios, sen prexuízo de que funcionarán con autonomía no que se refire á selección dos/as aspirantes, formulando as súas propias propostas.

III.11. Por cada sesión do tribunal redactarase a acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura do/a secretario/a e o visto e prace do/a presidente/a.

III.12. Cada tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que considere pertinente, limitándose os/as ditos/as asesores/as a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. O nomeamento de tales asesores/as corresponderalle á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

III.13. Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os/as aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos/as restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3.3., as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Se na súa realización se lle suscitasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do/a aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos/as funcionarios/as do corpo a que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

III.14. O/A presidente/a de cada tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

Os tribunais excluirán aqueles/as candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor/a.

III.15. Os tribunais que actúen no proceso selectivo terán a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

O número máximo de sesións de cada un dos tribunais será fixado por resolución da Dirección Xeral da Función Pública, podendo só ampliarse o número delas, con base en causa xustificada, pola dita dirección xeral.

III.16. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados/as que contraña o establecido será nula de pleno dereito.

No obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes seguintes aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios/as de carreira.

III.17. As comunicacións que formulen os/as aspirantes aos tribunais dirixiranse á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela).

IV. Lista de aprobados/as, presentación de documentación e nomeamento de funcionarios/as.

IV.1. A cualificación do concurso-oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, se se mantén o empate, acudirase á puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva. De manterse o empate acudirase á puntuación total obtida na fase de concurso. De persistir este, resolverase pola orde alfabética a que se refire a base II.2.1.

Cada tribunal resolverá os empates que se produzan relativos aos/as aspirantes que lles correspondan. No caso de que unha vez elevadas as distintas propostas ao tribunal número 1, se produzan novos empates, estes serán resoltos polo dito tribunal, de acordo cos criterios expresados no parágrafo anterior.

IV.2. Rematado o proceso selectivo, o tribunal nº 1 publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, e elevará a dita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento. Con carácter excepcional, poderase renunciar á participación no proceso selectivo ata a data en que o tribunal eleve ao titular da Dirección Xeral da Función Pública a relación de aprobados/as.

A partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de aprobados/as, os/as aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do título correspondente exigido na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público, segundo o modelo que figura como anexo II a esta convocatoria.

c) Certificado médico oficial no que se acrediten os requisitos de capacidade funcional.

d) Os/as aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que superen a oposición deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, de ser o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade co desempeño das correspondentes funcións.

IV.3. Os/as que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados/as funcionarios/as e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Os que tivesen a condición de funcionarios/as de carreira da Administración da Xunta de Galicia estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da consellería ou organismo de que dependesen para acreditar tal condición, con expresión do número e importe de trienios, así como a data do seu cumprimento.

IV.5. Rematado o proceso selectivo, e unha vez cumpridos os requisitos exixidos con anterioridade, os/as que o superasen serán nomeados/as funcionarios/as de carreira mediante orde do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* na cal se indicará o destino adxudicado de acordo coa puntuación obtida no proceso selectivo.

Os/as aspirantes procedentes do sistema de promoción interna, en virtude do disposto no artigo 22.2º do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, terán, en todo caso, preferencia sobre os/as aspirantes provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

IV.6. A adxudicación das prazas aos/ás aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base II.4. Non obstante, e con carácter obrigatorio, aos/ás aspirantes da quenda de promoción interna adxudicaráselles destino no mesmo posto que desempeñen con carácter definitivo sempre que, de conformidade coa relación de postos de traballo, poida ser ocupado por funcionarios/as da escala á que accedan dentro do corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (grupo B).

IV.7. A toma de posesión dos/as aspirantes aprobados/as será efectuada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade coas disposicións previstas no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normas concordantes.

V. Disposición derradeira.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou

poderase impugnar directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 14.2º do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2), escala técnica de inspección turística

Parte xeral. Lexislación

1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia.
3. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística: títulos I e II.
4. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: títulos I a X.
5. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: títulos I a III.
6. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: títulos I a V.
7. Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia: títulos I a V.
8. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: títulos preliminar e II.
9. Tratado da Unión Europea: títulos I a III.
10. Tratado de funcionamento da Unión Europea: primeira parte, segunda parte e capítulos 1 e 2 do título I da sexta parte.

Parte especial.

1. A Administración turística do Estado: estrutura orgánica. O Instituto de Turismo de España: estrutura e funcións. O Consello Promotor do Turismo.

O Observatorio do Turismo. A Comisión Interministerial do Turismo.

2. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo: antecedentes, regulación e análises. A Consellería de Innovación e Industria: estrutura e competencias. A *Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.* O Centro Superior de Hostalaría de Galicia. O Instituto de Estudos Turísticos de Galicia. A *Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo*.

3. A Lei de ordenación e promoción do turismo en Galicia: estrutura e contido. Obxecto e suxeitos da lei. Ordenación da oferta turística: principios xerais para o exercicio das actividades turísticas.

4. Requisitos xerais para o establecemento de actividades empresariais turísticas: autorizacións, rexistro de empresas, comunicación de prezos. A documentación obrigatoria.

5. O municipio turístico galego. Declaración de festas de Galicia de interese turístico.

6. O estatuto do turista: dereitos e deberes do usuario turístico. Consideración especial do dereito a formular queixas (normativa reguladora das follas de reclamación). A defensa dos consumidores e usuarios: O Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro: disposicións relativas a consumidores e usuarios (libro Iº, título Iº), contratación de dereito público e cláusulas abusivas (libro II) e responsabilidade (libro III). O sistema arbitral.

7. O estatuto do empresario turístico: dereitos e deberes. Actividade e medios dos operadores turísticos no mercado: defensa da competencia e competencia desleal. Os signos distintivos. A publicidade. As tarxetas de crédito e débito e os cheques de viaxe.

8. O empresario individual e societario. A sociedade mercantil: concepto, clases e caracteres. O contrato de sociedade mercantil: elementos esenciais. As sociedades colectivas e comaditarias. A sociedade irregular.

9. As sociedades anónimas: concepto e caracteres. Constitución e achegas sociais. Os órganos sociais. Transformación, fusión, disolución e liquidación. As sociedades de responsabilidade limitada: concepto e caracteres. Constitución e achegas sociais. Os órganos sociais. Transformación, fusión, disolución e liquidación.

10. As empresas de aloxamento turístico: concepto e clases. Arrendamento de negocio e contrato de franquía. O contrato de xestión hoteleira. O contrato de hospedaxe. Seguridade cidadán e rexistro de entrada nos establecementos de aloxamento. O contrato de reserva de prazas de aloxamento de réxime de continxente.

11. Principio de unidade de explotación. Calidade dos servizos e instalacións. Sobrecontratación da capacidade. Réxime de prezos e reservas nos aloxamentos turísticos.

12. Ordenación dos establecementos hoteleiros (I): disposicións xerais. Distintivos e publicidade. Réxime de instalación e apertura.

13. Ordenación dos establecementos hoteleiros (II): requisitos técnicos xerais. Requisitos e condicións exixibles por grupos, categorías e especialidades.

14. Ordenación dos apartamentos turísticos e cidades de vacacións: concepto, clasificación, condicións e réxime de autorizacións.

15. Os aloxamentos en réxime de aproveitamento por quenda: regulación e antecedentes normativos. Réxime xurídico. As vivendas turísticas vacacionais.

16. Ordenación dos establecementos de turismo rural: concepto, categorías, características e réxime administrativo.

17. Ordenación dos campamentos públicos de turismo: conceptos e categorías. Réxime de instalación e apertura. Requisitos mínimos. Funcionamento, prezos, servizos mínimos, persoal e clientes.

18. As empresas de restauración. Ordenación de restaurantes, cafetarías e bares: concepto, clasificación, características e réxime administrativo.

19. O contrato de servizo dos establecementos de restauración. Cartas, pratos e menús. Venda de bebidas alcohólicas a menores de idade. O contrato de catering. A Lei de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo: aplicación nos establecementos turísticos.

20. A intermediación turística. Ordenación das axencias de viaxes: concepto, obxecto, clasificación, réxime de autorizacións, exercicio das actividades e garantías. O turismo activo: regulación..

21. As viaxes combinadas: o Libro IV do Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro: delimitación obxectiva e subxectiva. Perfección, cancelación, desestimento e incumprimento do contrato de viaxe combinada. Réxime de responsabilidade das axencias nas viaxes combinadas. Documentación das viaxes combinadas: contido e comprobación.

22. Contrato de pasaxe aérea. Limitacións da responsabilidade do carrexador aéreo. Sistema de compensación por denegación de embarque no transporte aéreo regular: Regulamento (CEE) 261/04 do Parlamento Europeo e do Consello.

23. Formación e cualificación turística. Ordenación da profesión de guía de turismo especializado de Galicia.

24. Turismo termal: distribución de competencias. O problema da lexislación aplicable. Augas minerais e termais. Réxime xurídico e administrativo: autorizacións administrativas. Infraccións e sancións.

25. Actividade turística e impacto ambiental: o decreto 113/2008, do 12 de xuño, regulador da avaliación da incidencia ambiental na comunidade galega. Os espectáculos públicos: seguridade estática e dinámica. Programa e venda de localidades. Réxime de horarios de establecementos e espectáculos públicos.

26. A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia: principios xerais. Réxime urbanístico do

solo: disposicións xerais. Clasificación e réxime das distintas clases e categorías de solo.

27. As licenzas urbanísticas: procedemento de outorgamento, prelación e caducidade. Actos promovidos polas administracións públicas: especial referencia a obras de patrimonio histórico, establecementos públicos e obras promovidas pola Administración. Licenza de apertura en relación coa licenza de obra.

28. A promoción e fomento do turismo en Galicia. Axudas e subvencións: concepto, procedemento de concesión e reintegro. As diferentes medidas de promoción e fomento do turismo: obxecto, requisitos e principais características.

29. A potestade sancionadora: principios. O procedemento sancionador: principios e regulación. Fases e desenvolvemento do procedemento sancionador por infraccións en materia de turismo. Órganos competentes.

30. As infraccións en materia de turismo. Suxeitos responsables. As sancións.

31. A Inspección Turística de Galicia. O Regulamento da Inspección Turística. Obxecto e funcións. Planificación e ordenación da inspección. A actuación inspectora e a súa documentación. A escala técnica da Inspección Turística.

32. As actas da inspección como medio de proba: natureza xurídica e efectos probatorios. Requisitos: obxectivos, materiais e formais. Ámbito da presunción de veracidade das actas. Exclusiones da presunción. Valor e efectos dos informes da inspección.

33. As facultades e deberes da inspección turística. A condición de axente de autoridade: protección penal e administrativa. A autonomía técnica e funcional da inspección. Os deberes: identificación (estudo da orde reguladora da tarxeta identificativa), segredo e respecto e consideración. As responsabilidades da inspección. Réxime de incompatibilidades. A colaboración interadministrativa. A comunicación coa autoridade xudicial e Ministerio Fiscal.

34. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: conceptos e niveis de accesibilidade, concepto e clases de barreiras, accesibilidade nos establecementos turísticos. Incidencia do Decreto autonómico 66/2001, do 22 de marzo.

35. O turismo como sector económico. A oferta e a demanda turística. A estacionalidade do turismo. Turismo e territorio. Sistemas de calidade.

36. Recursos turísticos de Galicia. Trazos diferenciais da oferta turística galega. Diversificación e novas ofertas: termalismo, golf, turismo cultural, turismo náutico, turismo rural, congresos e convencións, turismo de natureza.

37. A Lei do patrimonio cultural de Galicia.: títulos I e II. Lei de protección do Camiño de Santiago.

38. Turismo e contorno natural. Nocións xerais sobre: os parques naturais, os espazos naturais en

réxime de protección xeral e os espazos naturais das normas subsidiarias e complementarias de planeamento provincial. Os monumentos naturais. A Rede Natura.

39. Informes de incidencia turística: conceptos básicos de ecoloxía no espazo turístico e impacto. Técnicas de identificación e avaliación de impactos: especial referencia ao impacto visual. Técnicas de prevención, corrección e restauración de impactos. Incidencia da contaminación acústica no turismo.

40. Turismo e contorno marítimo. Nocións xerais sobre o réxime de portos e embarcacións. A pesca marítima de recreo na Comunidade Autónoma de Galicia.

41. A cultura galega: arquitectura civil: especial referencia aos castelos e pazos. Arquitectura popular. Elementos característicos da tipoloxía arquitectónica tradicional de Galicia. Arquitectura relixiosa: especial referencia aos mosteiros. Os conxuntos históricos.

ANEXO II

D./Don ..., con domicilio en..., e con DNI/pasaporte..., declara baixo xuramento ou promete, para efectos de ser nomeado/a funcionario/a do corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística, que non está sometido a sanción disciplinaria ou condena no Estado de... que lle impida o acceso á función pública.

..., ... de ... de 2008.

Resolución do 23 de outubro de 2008, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproba a relación provisional de admitidos no concurso 02/2008 para a provisión de postos de traballo vacantes na escala técnica de inspección turística da Xunta de Galicia, convocado pola Orde do 17 de setembro de 2008.

Vistas e examinadas as solicitudes dos participantes no concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na escala técnica de inspección turística da Xunta de Galicia convocado pola Orde do 17 de setembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 184, do 23 de setembro), esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as relacións provisionais de solicitantes admitidos no concurso 02/2008, para a provisión de postos de traballo vacantes na escala técnica de inspección turística da Xunta de Galicia.

A lista de solicitantes admitidos estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das